



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FESTAS PATRONAIS PARROQUIAIS 2023

1- OBXECTO E FINALIDADE.

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento e criterios para a concesión de subvencións no ámbito do termo municipal de Vila de Cruces nas materias de “Organización de festas patronais parroquiais”, en réxime de concorrncia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade, igualdade de concorrncia e publicidade.

O Concello de Vila de Cruces pretende, por medio da presente convocatoria, prestar axuda ás entidades culturais e veciñais para contribuír a que acaden os obxectivos que lles son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e á celebración e conservación das festas parroquiais de maior tradición e arraigo, xurdidas da iniciativa popular e que forman parte da nosa identidade e memoria colectivas.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será o ano 2023, abarcando os meses desde xaneiro a novembro.

Subvencionaranse os proxectos presentados polas entidades e organizacións do sector cultural municipal que se relacionen coa organización de actividades festivas para a celebración do “Patrón/Patroa parroquial”.

Por proxectos entendemos a organización de festas patronais parroquiais, de arraigo popular e celebración tradicional.

Exclusións: quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as actividades que non se encadren dentro do ámbito de actuación do departamento de Cultura ou que a xuízo da Comisión Avaliadora teñan escasa relevancia e/ou carezan de interese xeral.

As bases reguladoras desta convocatoria atópanse na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces publicada no BOPPO de 20 de febreiro de 2006.

2.- FINANCIAMENTO

As subvencións financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2023.3380.48000, sendo o crédito total destinado ás axudas 41.500,00 euros.

3.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións as persoas xurídicas sen ánimo de lucro que organicen as festas: comisións de festas, asociacións veciñais, culturais, que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter como obxecto social a realización de actividades relacionadas directamente cos fins da subvención.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal e no ámbito parroquial.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda concedida polo Concello de Vila de Cruces
- Non estar incursas nalgunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- As entidades solicitantes deberán atoparse ao día nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces.

4.- CONTIA

Establécese unha contía fixa por parroquia de 1000 euros.

De xeito excepcional, no caso da parroquia de Camanzo poderán concederse 2 axudas de 500 euros cada unha ao dispoñer de 2 campos da festa.

Concello de Vila de Cruces





As axudas poderán acadar ata 100% do gasto realizado.

5.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Subvencionarase unha actividade por parroquia, tendo preferencia as festas patronais.

Se dúas ou máis entidades presentan solicitude para unha mesma festa patronal admitirase a presentada en primeiro lugar.

No caso de que nunha parroquia non se celebren as festas patronais poderase subvencionar outra festa con arraigo e tradición contrastados. As solicitudes admitiranse por orde de presentación.

Non serán subvencionables actividades financiadas polo Concello de Vila de Cruces a través doutra liña de axudas.

Só serán subvencionables aqueles gastos correntes nos que incorran os beneficiarios para o desenvolvemento das súas actividades. Poderán incluírse como gastos unicamente os que poidan acreditarse como realizados antes do remate do prazo máximo de xustificación.

Só serán admitidos os gastos realizados e pagados pola entidade beneficiaria.

Considéranse gastos subvencionables os que de xeito indubitable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten necesarios para a súa organización, sexan realizados no período de execución do proxecto e poidan ser xustificadas convenientemente no prazo establecido nesta convocatoria, tales como actuacións musicais, seguros, gastos de pirotecnia, aluguer de carpas, grupos electróxicos ou escearios, publicidade, merchandising, xogos inchables, etc. Non se subvencionarán gastos de comidas nin bebidas.

Non se inclúen como gastos subvencionables os de tipo financeiro, de asesoría xurídica, gastos notariais ou rexistrals, garantías bancarias, etc.

6.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será **de 15 días hábiles** que comezarán a partir do día seguinte ao da publicación, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

7.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os solicitantes deberán presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación con carácter obrigatorio, preferentemente por medios electrónicos:

1. Solicitude asinada polo representante legal (ANEXO I).
2. Fotocopia do CIF da entidade solicitante e do DNI da persoa representante.
3. Memoria da actividade
4. Orzamento
5. Certificado dos cargos directivos
6. Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade
7. Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, Seguridade Social, Oral e o Concello de Vila de Cruces, de non estar incurso en causa de incapacidade nin incompatibilidade para a obtención de subvencións públicas, e de non ser debedor por expediente de reintegro no Concello.

A convocatoria, os anexos e formularios estarán dispoñibles na páxina web do concello www.viladecruces.gal.

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





8.- CONCESIÓN

O procedemento de concesión das axudas co límite do crédito dispoñible de 41500,00€ será en réxime de concorrencia competitiva.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse á Comisión de valoración que elaborará informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

A comisión terá en conta:

- 1º.- Se se trata ou non de festas patronais
- 2º.- A orde de presentación das solicitudes de cada parroquia.
- 3º.- O arraigo social, cultural e tradicional no caso das festas non patronais.

A comisión de avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o concelleiro de Cultura, ou membro da Corporación en que delegue.

Secretario/a: O secretario da corporación ou persoa que o sexa da corporación do Concello.

Vogal: O/a axente de emprego

Vogal: A concelleira de Economía.

Vogal: A concelleira de Deportes.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución á Xunta de Goberno Local para a aprobación das axudas como órgano competente para a resolución segundo o réxime de delegacións existente.

O órgano instrutor será o axente local de emprego encargado de instruír e tramitar os expedientes.

O órgano instrutor notificará ás persoas beneficiarias a concesión de subvención mediante notificación no enderezo que conste na solicitude e publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo de resolución e notificación será de 4 meses dende a publicación do extracto da presente convocatoria no BOP Pontevedra.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, en concreto, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

9.- XUSTIFICACION

O pagamento da axuda realizarase unha vez que a persoa beneficiaria presente no rexistro do Concello, ata o 30 de novembro de 2023, a seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da actividade subvencionada, detallando as facturas ou documentos de valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Identificarase: acredor e documento, importe, data de emisión, e se é posible data en que se pagou.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





- Facturas orixinais debendo corresponder ao gasto da actividade subvencionada
- Xustificantes de pagamento mediante pagamento bancario, cheque, no que queden claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento e o concepto, ou pagamento en metálico nos casos permitidos.
- Memoria explicativa e detallada das actuacións realizadas debidamente asinada polo beneficiario.
- Declaración complementaria do conxunto de ingresos e axudas solicitadas, tanto das concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas, así como sobre a posibilidade de recuperación ou compensación de IVE.
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias na Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa administración autonómica. Comprobarase de oficio a non existencia de débedas co Concello de Vila de Cruces e co Oral, así como non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro no Concello.
- Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o beneficiario.

10.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A condición de beneficiario obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

- A figurar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces. En caso contrario non se concederá a axuda.
- Comunicar ao Concello de Vila de Cruces a obtención doutros ingresos ou axudas destinadas á mesma finalidade e procedentes de calquera administración pública ou os seus entes dependentes.
- Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado.
- Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vila de Cruces, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención, acreditando convenientemente a súa realización no prazo establecido.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen. A tales efectos será de obrigatorio dispoñer dun seguro de responsabilidade civil.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi outorgada, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

11.- DEVOLUCION E REINTEGRO

Procederá o reintegro no casos previstos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e en concreto, nos seguintes casos:

- Incumprimento da obriga de xustificación: perda do dereito de cobro do 100%.
- Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impidisen: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobro do 100%.
- Por non aplicala aos fins para os que foi concedida: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobro do 100%.
- Incumprimento das medidas de difusión: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobro do 100%.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





12.- COMPATIBILIDADE

As subvencións que se outorguen ao amparo das presentes Bases serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo de que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

13.- PROTECCION DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaición legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico info@viladecruces.es. Infórmaselle do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

14.- PUBLICIDADE:

A publicidade da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tralas modificacións introducidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Unha vez tramitada a convocatoria, comunicarase á BDNS, o texto e anexos, así como o extracto da mesma.

Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relativa a beneficiarios, concesión das subvencións, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada a medida que se vaian producindo os actos.

Todo iso sen prexuízo da publicación na páxina web do Concello, no seu caso.

15.- RÉXIMEN XURÍDICO.

As subvencións as que se refiren as presentes Bases rexiranse polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido na súa disposición final primeira, no Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Vila de Cruces e supletoriamente pola Lei

Concello de Vila de Cruces





39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como demais normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O alcalde
Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

